



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|----------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2022/23 |
| Asignatura (*) | Historia | Código | 613G03009 | |
| Titulación | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Humanidades | | | |
| Coordinación | Vázquez Lijó, José Manuel | Correo electrónico | j.m.vlijo@udc.es | |
| Profesorado | Romero Portilla, Paz | Correo electrónico | paz.romero.portilla@udc.es | |
| | Vázquez Lijó, José Manuel | | j.m.vlijo@udc.es | |
| Web | www.udc.es/filo | | | |
| Descrición xeral | Historia da historiografía occidental, dende a Antigüidade á Idade Contemporánea. O curso centrarase nas fontes historiográficas, de carácter literario, non so analizando as preferencias temáticas e as orientacións ideolóxicas dos cronistas e historiadores, senón tamén (ao seren unha Facultade de Filoloxía) facendo unha especial énfase nas relacións deses autores cos xéneros literarios concorrentes na representación do pasado, nomeadamente a épica e a novela. Polo demáis, a explicación do contexto histórico constituirá unha conditio sine qua non pra profundar nos autores en cuestión. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A3 | Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria. |
| A10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B2 | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| B9 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| B10 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe |
|---------------------------|
|---------------------------|



| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
|--|------------------------|---|----------------------|
| Saber analizar e comentar textos e discursos históricos utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. | A2 | | |
| Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. | A10 | | |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. | | B1 | |
| Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. | | B2 | |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. | | B5 | |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. | | B6 | |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. | | B7 | |
| Apreciar a diversidade. | | B8 | |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | B9 | |
| Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional. | | B10 | |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. | | | C1 |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | | | C4 |
| Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. | | | C5 |
| Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. | | | C6 |
| Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | | C7 |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | | C8 |
| Ter e saber aplicar os coñecementos básicos que permitan reflexionar sobre a disciplina histórica | A2 | B3 | C4 |
| Coñecer o uso que dos conceptos fundamentais tratados se ten feito polos propios historiadores | | B3 | C4 |
| Coñecer a aportación da historia, a literatura e a memoria para a representación do pasado | A2 | B1 | C1 |
| Saber que os conceptos, as escrituras e a investigación histórica están en permanente construción. | A2 | B1 B3 | C1 C6 |
| Utilizar os coñecementos e técnicas propias da historia no ámbito doutras disciplinas, nomeadamente as relacionadas coa linguaxe como a lingüística e a literatura. | A1 A2 A3 | B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 | C1 C4 C7 C8 |
| Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada | A11 | | |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Consideracións xerais acerca da Historia | 1.1. Conceito de Historia 1.2. Obxecto e suxeito da Historia 1.3. Método e Teoría 1.4. O espazo e o tempo na Historia |
| 2. O discurso histórico na Antigüidade | 2.1. Os precedentes de Egipto, Mesopotamia e outras altas culturas urbanas 2.2. Da historiografía grega ás interpretacións proféticas do cristianismo |



| | |
|---|--|
| 3. Da teocracia medieval ao racionalismo da Ilustración | 3.1. A teoría das "tres ordes"do feudalismo 3.2. As crónicas medievais 3.3 A singularidade das historiografías non cristiás. Ibn Jaldun; a historiografía chinesa 3.4. A crítica renacentista 3.4. A racionalidade ilustrada |
| 4. Revolución francesa e liberalismo: o salto cara a construción da Historia como ciencia | 4.1. O nacemento da historiografía moderna. 4.2. Discurso histórico e nacionalización do pasado 4.3. As variantes do discurso histórico: liberalismo, romantismo, positivismo e historicismo alemán 4.4 A literatura histórica: literaturas nacionais e sistemas literarios 4.5 Alguns estudos de caso |
| 5. As multitudes na Historia | 5.1. A renovación dos Annales" e a Historia Económica 5.2. O materialismo histórico |
| 6. A crise do discurso histórico nos finais do século XX. | 6.1. A destrución da Historia como ciencia 6.2 A volta á narración e outras alternativas. |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Proba obxectiva | B1 B3 B5 B7 C1 | 2 | 50 | 52 |
| Obradoiro | A1 A2 A10 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6 | 10 | 15 | 25 |
| Lecturas | A3 A11 B1 B2 B3 B5 B6 B8 B9 | 0 | 15 | 15 |
| Sesión maxistral | B1 B5 B6 B7 B8 C7 C8 | 21 | 0 | 21 |
| Discusión dirixida | A11 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C5 C6 | 14 | 21 | 35 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba obxectiva | Proba escrita para a avaliación da aprendizaxe. Versará sobre os contidos estudados no curso e recollidos no temario da materia. |
| Obradoiro | Debate na aula na base do libro Os Pazos de Ulloa, dos capítulos previamente indicados ao alumnado e lidos por este con anterioridade, en horas non presenciais. A profesora encargada do obradoiro dirixirá o debate. Deberán participar todos os alumnos matriculados (agás aqueles con dispensa académica e, se así o desexan, os repetidores). Valorizaranse as intervencións de cada alumno ao longo do obradoiro. No apartado de Avaliación (Observacións 3.) indícase o traballo que substitúe a asistencia a estas clases no caso do alumnado repetidor ou con dispensa académica. |
| Lecturas | Lecturas complementarias, por conta do alumnado, do material bibliográfico recomendado polo profesor e relacionado coas leccións do temario. |
| Sesión maxistral | Exposición oral a cargo do profesor, centrada nos contidos do programa da materia. O seguimento das sesións maxistras constitúe unha conditio sine qua non pra debater de maneira axeitada nas clases interactivas. |



| | |
|--------------------|---|
| Discusión dirixida | <p>Debate na aula na base de materiais previamente indicados polo profesor e lidos polo alumnado en horas non presenciais. O profesor dirixirá o debate. Deberán participar todos os alumnos (agás aqueles con dispensa académica e os repetidores con incompatibilidade horaria), o que implica a asistencia obrigatoria ás sesións interactivas.</p> <p>No apartado de Avaliación (Observacións 4.) indícase o traballo que substitúe a asistencia á clase interactiva no caso do alumnado repetidor ou con dispensa académica.</p> |
|--------------------|---|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|------------------------------|---|
| Proba obxectiva Obradoiro | <p>No que atinxe á proba obxectiva o profesor clarexará a modalidade de exame a realizar e a correspondente valorización de cada pregunta.</p> <p>Na discusión dirixida o profesor intervirá pra resolver as dúbidas que cada alumno poda presentar ao longo dos debates.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|--------------------|--|--|---------------|
| Discusión dirixida | A11 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C5 C6 | <p>Debate na aula na base do exposto nas sesións maxistras e dos materiais (sobre todo textos) previamente distribuídos polo profesor e traballados polo alumno en horas non presenciais. Deberán participar todos os alumnos (agás aqueles con dispensa académica e os repetidores con incompatibilidade horaria), o que implica a asistencia obrigatoria ás sesións interactivas.</p> <p>No apartado de Observacións á avaliación indícase o traballo que substitúe a asistencia á clase interactiva no caso do alumnado repetidor ou con dispensa académica.</p> <p>Valorizaranse as intervencións do alumnado na clase interactiva. Poderanse facer controis de asistencia a estas clases.</p> | 30 |
| Proba obxectiva | B1 B3 B5 B7 C1 | Proba escrita (exame tipo test) para a avaliación da aprendizaxe. Versará sobre os contidos teóricos e prácticos estudados no curso e recollidos no temario da materia. | 50 |
| Obradoiro | A1 A2 A10 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6 | Comentario e debate na aula da novela Los Pazos de Ulloa, de Pardo Bazán. A participación do alumnado presupón a lectura previa dos capítulos que se comentarán no correspondente obradoiro, cada venres. Deberán asistir ao obradoiro todos os alumnos matriculados, agás nos casos de dispensa académica e, se así o desexan, os repetidores, que terán que entregar o traballo escrito que se indica en Observacións á avaliación | 20 |

Observacións avaliación



1. É obrigatorio ter entregado en tempo e forma as actividades que computan na avaliación.
2. As actividades e probas que computan para a nota final e que fosen aprobadas na primeira oportunidade son liberatorias, é dicir, non se repiten. Por ex., se o estudante suspende na nota final, pero acadada un 5 ou superior puntuación na proba tipo test, non terá que voltar examinarse dela. Deberá recuperar soamente a interactividade e/ou taller, suspensos.
3. Serán cualificados cun Non Presentado (PN) os alumnos que non asistan ao exame final escrito (proba obxectiva).
4. As faltas de ortografía (grallas) e/ou incorreccións léxico-gramaticais poderán supor unha diminución da nota.
5. Todos os alumnos matriculados na materia (incluídos os repetidores e os de dispensa académica) deben entregar unha ficha impresa con foto actualizada ao profesor coordinador, a fin de facilitar o seguimento e consigna das súas actividades na aula ou fóra dela.
6. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal)
7. Os alumnos en situación de matrícula a tempo parcial (dispensa académica) e os alumnos repetidores que non asistan ao obradoiro (venres) presentarán un resumo, capítulo a capítulo, cun comentario persoal ao final, da novela Los Pazos de Ulloa, de Emilia Pardo Bazán. O traballo, presentado en papel (NON dixitalizado) ao profesor coordinador da asignatura (J.M. Vázquez Lijó), terá as seguintes características: 7 folios (tamaño estándar A4) de extensión, dos que 5 serán de resumo e 2 de comentario persoal (non conta a páxina de cuberta do traballo, co nome do alumno e o título do libro); letra Times New Roman 12; interlineado 1,5. A data límite para entregar o traballo será o 15 de abril de 2023. Este traballo substitutivo computará o 20% da nota final.
8. Os alumnos en situación de matrícula a tempo parcial (dispensa académica) e os alumnos repetidores que non poidan asistir ás clases interactivas (discusión dirixida) deberán facer a recensión bibliográfica do seguinte libro: ÁLVAREZ JUNCO, José e FUENTE MONGE, Gregorio de la (2017), El relato nacional: historia de la historia de España, Madrid, Taurus. O traballo, presentado en papel (NON dixitalizado) ao profesor coordinador da asignatura (J.M. Vázquez Lijó), terá estas características: 8 folios (tamaño estándar A4) de extensión, dos que 6 serán de resumo e 2 de comentario persoal (non conta a páxina de cuberta do traballo, co nome do alumno e o título do libro); letra Times New Roman 12; interlineado 1,5. A data límite para entregar o traballo será o 15 de abril de 2023. Este traballo substitutivo computará o 30% da nota final.
9. Posibilidades ofrecidas ao alumnado para RECUPERAR



partes suspensas

9.1. Proba obxectiva: todos os estudantes (incluídos os de dispensa académica e os repetidores) deberán superar un novo exame tipo test a realizar na data fixada no calendario académico (2ª oportunidade: xullo)

9.2. Interactividade (clases dos mércores)

9.2.1. Presentar na data fixada no calendario académico (2ª oportunidade: xullo) a recensión do libro de ÁLVAREZ JUNCO coas mesmas características formais sinaladas no punto 8 destas Observacións

9.2.2. No caso de alumnos con dispensa académica ou repetidores entregar (se non se fixera na 1ª convocatoria ata o 15 de abril) ou mellorar a devandita recensión do libro de ÁLVAREZ JUNCO coas mesmas características formais sinaladas no punto 8 destas Observacións

9.3. Obradoiro (clases dos venres)

9.3.1. Presentar na data fixada no calendario académico (2ª oportunidade: xullo) o resumo-comentario persoal da obra Los Pazos de Ulloa, coas mesmas características formais sinaladas no punto 7 destas Observacións

9.3.2. No caso de alumnos con dispensa académica ou repetidores entregar (se non se fixera na 1ª convocatoria ata o 15 de abril) ou mellorar o resumo-comentario persoal da obra Los Pazos de Ulloa, coas mesmas características formais sinaladas no punto 7 destas Observacións

10. Os alumnos presentados á convocatoria extraordinaria de decembro concorren nas mesmas condicións sinaladas para a segunda oportunidade.



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Burrows, John (2007). Historia de las Historias. Barcelona, Crítica - Kelley, Donald (1998). Faces of History. Historical Inquiry from Herodotus to Herder. Yale University <p>O historiador que ten a achega máis sobranceira á historia da historiografía occidental ata o século XX é, con diferenza, Arnaldo Momigliano (1908-1987). A súa traxectoria investigadora non se pode exemplificar nun libro en particular, aínda que os seus sparsa collecta nos Contributi alla storia degli studi classici (10 vols., Milano 1955-2012) constitúen o título máis recoñecido, tanto pola súa amplitude cronolóxica como pola variedade de contidos.</p> |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Hernández Sandioca, E. (2004). Tendencias historiográficas actuales. Madrid, Akal - Carr, E. H. (2003). ¿Qué es la historia?. Barcelona, Ariel - Moradiellos, E. (2002). Las caras de Clío. Introducción a la historia. Madrid, Siglo XXI editores - Bermejo Barrera, J. C. (2000). Pensa-la Historia. Ensaio de Historia teórica. Vigo, Ir Indo - Velasco Souto, C. F. (2011). Discurso histórico e construción da identidade nacional. O caso da Galiza. http://illa.udc.es/novelahistoricagalega/estudos/estudos.html - Llorens, I. (1998). Nacionalismo y literatura. Constitución e institucionalización de la &quot;república de las letras cubanas&quot;. Universitat de Lleida - Fernández Pérez-San Julián, C. (2003). A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo. Concello de Pontevedra e Fundación Caixa Galicia - González -Stephan, B. (2002). Fundaciones: canon, historia y cultura nacional. La historiografía literaria del liberalismo hispanoamericano del siglo XIX.. París/Frankfort, Iberoamericana-Vervuert. - Salinas Portugal, F. (2003). Emerxencia literaria e construción nacional: o romance fundacional. A Tavares (Org.):Estudos Galego Brasileiros. Rio de Janeiro - Hobsbawm, E. e Ranger, T. (1984). A invenção de tradições. Rio de Janeiro, Paz e Terra - Ferreira da Cunha, C. M. (2002). A construção do discurso da história literária na literatura portuguesa do século XIX.. Universidade do Minho. Centro de Estudos Humanísticos - Thiesse, A. M. (2010). La creación de las identidades nacionales. Madrid, Ezaro - Ainsa, F. (1997). Intervención literaria y &quot;reconstrucción&quot; histórica en la nueva narrativa latinoamericana.. K. Kohut (ed.): La invención del pasado. La novela histórica en el marco de la posmodernidad. Frankf - Casanova, P. (2001). La República mundial de las letras.. Barcelona, Anagrama - Thompson, J. (2009). As novelas da memoria: trauma e representación da historia na Galicia contemporánea.. Vigo, Galaxia - Vega, Mª J. (2003). Imperios de papel. Introducción a la crítica postcolonial. Barcelona, Crítica - Velasco Souto, C. F. (2011). Memoria histórica, identidade nacional e discurso literário na Galiza. Helena Rebelo (org.): Lusofonia. Tempo de reciprocidades. Porto, Ed. Afrontamento |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

O profesor recomenda para un desenvolvemento satisfactorio da materia: seguemento das clases, realización das lecturas previstas, recorrer ao profesor no momento en que ao alumno se lle presentaren dúbidas e problemas. Recoméndase vivamente aos alumnos repetidores e a tempo parcial que entren en contacto persoal co profesor coordinador (V. Alonso Troncoso) na primeira semana lectiva.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

